



Nref: MC

N. Expediente	4438/2023
F. Apertura	11/12/2023
Serie documental	S0284 - Contratacións de subministración por procedemento aberto
Asunto	SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLE PARA A FLOTA DE VEHICULOS E MAQUINARIA ASI COMO PARA A CALEFACCIÓN DOS EDIFICIOS MUNICIPAIS 2025
Trámite	Rectificación de prego de prescricións técnicas

Dáse conta do expediente tramitado na ferramenta de administración electrónica 4438/2023 para a contratación da subministración de combustible para a flota de vehículos e maquinaria así como para a calefacción dos edificios municipais, no que consta:

- a) Memoria xustificativa
- b) Pregos de prescricións técnicas
- c) Pregos de cláusulas administrativas
- d) En cumprimento do disposto na Disposición Adicional Terceira da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP) informes emitidos pola Secretaria Xeral e Intervención Municipal.
- e) Acordo do órgano de contratación de aprobación do expediente.
- f) Anuncio de licitación publicado na Plataforma de Contratación do Sector Público rematando o prazo de presentación o 31 de maio de 2024.

Advertido o erro de feito, por omisión involuntaria, na redacción do prego de prescricións técnicas no que se refire á cláusula 4 de condicións de execución procede, en virtude do disposto no artigo 122 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, a súa rectificación da maneira que se detalla a seguir:

g) No caso do lote 1 a empresa adxudicataria deberá contar no termo municipal de Poio, con polo menos un punto de distribución para o subministro de combustible.

Dita modificación non supón a ampliación do prazo de presentación de ofertas.

Para dotar de axilidade á súa corrección, ao abeiro do establecido no art. 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público ao que remite o art. 116 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro; no art. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local e 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, **RESOLVO :**

Primeiro: Avogar a competencia da Alcaldía como órgano competente segundo o art. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local e 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, delegada na Xunta de Goberno Local por Decreto de 28 de xuño de 2023, para prestar aprobación á modificación do PPT da subministración de combustible para a flota de vehículos e maquinaria así como para a calefacción dos edificios municipais.





CONCELLO
DE POIO

Nref: MC

Segundo: Aprobar a modificación do expediente de contratación e particularmente da cláusulas 4 PPT da forma exposta.

Terceiro: Proceder á publicación deste anuncio na licitación 4438/2023 na Plataforma de Contratos do Sector Público.

Mándao e asíno o Sr. Alcalde Angel Moldes Martínez, do que eu, Secretario xeral dou fe.

Vº. e pr.
O Alcalde

O Secretario xeral

